



Borrador do Decreto ___/2010, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece os principios xerais que debe rexer o sistema educativo e dedica os artigos 45,46,47,48,49,50 á ordenación das ensinanzas de música e de danza de réxime especial.

En consonancia co disposto no artigo 6.2º da dita lei, o goberno fixou no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro e no Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, os aspectos básicos dos currículos que constitúen as ensinanzas mínimas de música e de danza respectivamente, conducentes aos títulos correspondentes.

O Real decreto 806/2006, de 30 de xuño, aprobou o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecendo as datas nas que se implantarían as ensinanzas de música e de danza de réxime especial, debéndose rematar a súa implantación no curso 2008-2009 coa incorporación dos curso 5º e 6º do grao profesional nas ensinanzas de música e de danza.

En consecuencia, a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu os currículos das ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza.



Así, o decreto 196/2007, do 20 de setembro e o decreto 198/2007, do 27 de setembro, establecen respectivamente as ensinanzas elementais de danza e de música na Comunidade Autónoma de Galicia.

Posteriormente, o decreto 203/2007, do 27 de setembro e o decreto 204/2007, do 11 de outubro, establecen respectivamente as ensinanzas profesionais de música e de danza na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cómpre pois, dadas as características singulares dos conservatorios de música e de danza, dotalos tamén dun marco de organización, funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral. Isto implica que ditos centros precisen dunha regulación específica que lles permita poñer en marcha dinámicas de funcionamento propias, nas que concreten tanto os aspectos relacionados co seu goberno e administración coma aqueles de tipo organizativo que permitan realizar de maneira singular as actividades académicas e artísticas propias destes centros.

É, pois, a finalidade do presente Decreto regular a nivel autonómico os criterios comúns para a organización e funcionamento dos conservatorios de música e de danza, dentro do marco de autonomía tanto no pedagóxico, a través da elaboración dos seus proxectos educativos, como no que respecta á xestión económica dos recursos e á elaboración das súas normas de organización e funcionamento, tal como que se lle recoñece a estes centros, no capítulo II do título V da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



Igualmente, o presente Decreto, coa finalidade de garantir a calidade e promover a excelencia dos conservatorios de música e de danza, establece a realización de avaliacións internas, por parte de cada centro, e externas, baixo a responsabilidade da Consellería competente en materia de educación, destinadas a pescudar o nivel de logros destes centros docentes públicos de acordo cos requirimentos sociais da formación nas ensinanzas profesionais de música e de danza. A información obtida mediante estas avaliacións ha permitir determinar os elementos que actúan sobre a eficiencia e a eficacia dos conservatorios de música e de danza para, en consecuencia, ratificalos, modificalos ou substituílos coa finalidade de asegurar a calidade dos mesmos.

De conformidade co exposto, e por proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día... de ... dous mil dez,

DISPOÑO:

TÍTULO I: DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL

Disposicións preliminares



Artigo 1º Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este decreto establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza de titularidade da Xunta de Galicia.

2. Tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza dependentes doutras Administracións Públicas, e aos centros autorizados de ensinanzas de música e de danza en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela.

Artigo 2º. Carácter e ensinanzas dos conservatorios de música e de danza da Xunta de Galicia.

1. Os conservatorios de música e de danza dependentes da Consellería competente en materia de Educación da Xunta de Galicia son centros docentes públicos que imparten o grao profesional, e se é o caso, o grao elemental das ensinanzas establecidas no artigo 45 da Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación.

2. A autorización e modificación das ensinanzas e da oferta formativa para impartir as ditas ensinanzas correspóndelle á Consellería competente en materia de Educación.

Artigo 3º. Creación, denominación e supresión dos centros que impartan ensinanzas regradas de música ou de danza.

1. A creación e supresión dos conservatorios de música e de danza dependentes da Consellería competente en materia de educación correspóndelle ao Goberno da Xunta de Galicia mediante decreto, por proposta do titular da dita Consellería.



2. As Corporacións Locais poderán promover a creación de conservatorios de música ou de danza. Correspéndelle a Consellería competente en materia de educación a autorización dos ditos centros que, en todo caso, deberán reunir as condicións establecidas na normativa vixente.

3. Os conservatorios de música e de danza creados de acordo co que se establece no apartado anterior terán a todos os efectos o carácter de centros públicos, de acordo coa disposición adicional segunda da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

4. Así mesmo, é competencia da Consellería competente en materia de Educación a autorización de centros privados que impartan ensinanzas de música ou de danza que, en todo caso, deberán reunir as condicións establecidas na normativa vixente.

5. Os centros públicos que impartan as ensinanzas de música ou de danza establecidas no artigo 48 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación denominaranse xenericamente, segundo as ensinanzas que imparta:

- a) «Conservatorio elemental de música».
- b) «Conservatorio elemental de danza».
- c) «Conservatorio profesional de música».
- d) «Conservatorio profesional de danza».

6. Os centros privados que impartan ensinanzas de música ou de danza denominaranse xenericamente “centros autorizados”, acompañando dita denominación co grao e tipo de ensinanzas que impartan.

7. Os conservatorios de música e de danza poderán ter unha denominación específica que aprobará a Consellería competente en materia de educación, por proposta do consello escolar do conservatorio.



8. Non poderán existir na mesma localidade conservatorios de música e de danza coa mesma denominación específica.

9. Os centros autorizados deberán ter unha denominación específica que os identifique e non poderán utilizar denominacións que induzan a erro.

10. Todos os conservatorios de música e de danza utilizarán a denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos, e, en xeral, sempre que se utilice o nome do conservatorio.

11. En todos os conservatorios de música e de danza figurará na fachada do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións: «Xunta de Galicia», a denominación específica da Consellería competente en materia de educación e a denominación do conservatorio. Tamén poderá figurar o escudo e o nome do concello no que estea situado o conservatorio.

12. Todos os conservatorios de música e de danza terán un sitio web coa mesma imaxe corporativa co fin de conseguir unha maior proxección exterior e potencialo como canal de información da súa actividade.

TÍTULO II: ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE.

Capítulo I.- Órganos de goberno unipersoais

Artigo 4º. Órganos unipersoais.

1. Son órganos de goberno unipersoais en todos os conservatorios de música e de danza a dirección, a xefatura de estudos e a secretaría.
2. Establecerase unha vicedirección naqueles conservatorios profesionais que impartan tamén o grao elemental.



Artigo 5º.O equipo directivo

O equipo directivo é o órgano executivo do conservatorio. Está integrado polos órganos unipersoais de goberno que traballarán de forma coordinada para lograr os obxectivos do proxecto educativo e a calidade e excelencia da oferta formativa.

Sección primeira. Dirección

Artigo 6º. Selección, nomeamento e cesamento

1.A selección, nomeamento e cesamento das direccións dos conservatorios de música e de danza axustaranse ao establecido na normativa vixente. En todo caso, para participar no concurso de selección, as candidaturas deberán cumprir o requisito de antigüidade de polo menos cinco anos como funcionario de carreira pertencente ao corpo profesores de música e artes escénicas.

2. A dirección do conservatorio cesará nas súas funcións ao final do seu mandato ou ao producirse algunha das seguintes causas:

- a) Renuncia motivada aceptada pola xefatura territorial da Consellería competente en Educación.
- b) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación vixente.
- c) Cesamento pola xefatura territorial da Consellería competente en Educación logo de proposta de revogación, motivada e acordada por maioría de dous terzos do consello escolar.

3. A dirección, cando incumpra gravemente coas súas obrigas, poderá ser cesada ou suspendida de funcións pola xefatura territorial da



Consellería competente en Educación, logo do informe razoado do consello escolar do conservatorio, do informe da inspección educativa e da audiencia da persoa interesada.

4. Cando se produza o cesamento da dirección con anterioridade ao remate do seu mandato, por calquera das causas enumeradas nos apartados anteriores, a xefatura territorial da Consellería competente en Educación nomeará un director ou directora con carácter accidental e ata o 30 de xuño.

5. En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións da dirección desempeñará as súas funcións, con carácter accidental, a vicedirección e, no caso de que non exista tal órgano, a xefatura de estudos.

Artigo 7º. Competencias.

As competencias da dirección son:

1. De representación.

a) Ostentar e exercer a representación oficial do conservatorio.

b) Representar oficialmente no conservatorio a Consellería competente en materia de educación, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.

2. De dirección e coordinación.

a) Cumprir e garantir o cumprimento da normativa vixente.

b) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao conservatorio e exercer as súas atribucións en materia disciplinaria de acordo coas disposicións aplicables.

c) Elaborar e redactar xunto co resto do equipo directivo, e vistas as propostas do claustro e do consello escolar os distintos documentos de autonomía pedagóxica e de xestión do conservatorio, e darlle traslado, cando corresponda, á Consellería competente en materia



de Educación.

- d) Dirixir e coordinar todas as actividades do conservatorio cara a consecución e desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual.
- e) Convocar e presidir os actos académicos así como as reunións dos órganos de goberno e de coordinación docente.
- f) Garantir a execución dos acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.
- g) Propoñer á Consellería competente en materia de Educación o nomeamento e cesamento dos restantes membros do equipo directivo debendo informar ao claustro e ao consello escolar.
- h) Nomear as xefaturas dos departamentos así como aos responsables das distintas coordinacións docentes de acordo co establecido neste regulamento.
- i) Redistribuír temporalmente, por causa motivada, as funcións dos diferentes membros do equipo directivo co fin de acadar unha maior eficacia na xestión do conservatorio.

3. De información e avaliación.

- a) Garantir o coñecemento e dispoñibilidade da información aos diferentes sectores da comunidade educativa sobre os seus dereitos e deberes, así como daqueloutra que permita ao alumnado o coñecemento da organización do conservatorio e a súa participación activa na vida académica e cultural.
- b) Promover e impulsar a avaliación interna do conservatorio e os plans de innovación educativa, así como colaborar coa Consellería competente en materia de Educación nas avaliacións externas e na avaliación da función pública docente.

4. De réxime económico e administrativo



- a) Visar as certificacións e os documentos oficiais do conservatorio, realizar as contratacións de obras, servizos e subministros, e facer o seu seguimento, así como autorizar e supervisar os gastos e ordenar os pagamentos de acordo co orzamento asignado e as disposicións vixentes.
- b) Calquera outra encomendada pola Consellería competente en materia de Educación no ámbito das súas competencias.

Sección segunda. Vicedirección, Xefatura de estudos e Secretaría

Artigo 8º. Competencias da vicedirección.

1. É competencia da vicedirección:

- a) Substituír a dirección en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións desta.
- b) Por delegación da dirección, organizar e supervisar a xestión da información xeral aos diferentes sectores da comunidade educativa, en especial, ao profesorado e ao alumnado.
- c) Por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión do sitio web do conservatorio.
- d) Por delegación da dirección, promover e organizar os plans de avaliación interna do conservatorio, e colaborar, cando cumpra, na avaliación externa e da función pública docente.
- e) Coordinar o equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- f) Responsabilizarse do desenvolvemento dos plans de innovación e investigación educativa así como dos proxectos europeos.
- g) Coordinar as actividades de formación para o profesorado do conservatorio, propoñendo e impulsando a súa participación nun plan de formación.



h) Calquera outra función encomendada pola dirección no ámbito da súa competencia.

2. Cando non exista vicedirección, asumirá con carácter xeral as súas funcións a xefatura de estudos.

Artigo 9º. Competencias da Xefatura de estudos

É competencia da Xefatura de estudos:

- a) Cando non exista vicedirección, asumir as funcións establecidas para ese órgano unipersoal.
- b) Por delegación da dirección, exercer a xefatura do profesorado e do alumnado en relación ao réxime académico e disciplinario.
- c) Organizar, coordinar e supervisar o exercicio da función docente do profesorado e a actividade académica do alumnado.
- d) Coordinar as actividades das xefaturas de departamento, das coordinacións e das titorías que se desenvolvan no conservatorio.
- e) Elaborar, co resto do equipo directivo, o horario académico do alumnado e do profesorado, garantindo a aplicación de criterios pedagóxicos e organizativos establecidos polo claustro e que respondan exclusivamente ás necesidades de formación do alumnado.
- f) Organizar, coordinar e supervisar todas as actividades de avaliación e probas de acceso.
- i) Establecer medidas para atender calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do conservatorio.
- k) Calquera outra función encomendada pola dirección no ámbito das súas competencias

Artigo 10º. Competencias da Secretaría

É competencia da secretaría:



- a) Ordenar o réxime administrativo do conservatorio, de conformidade coas instrucións da dirección.
- b) Por delegación da dirección, organizar e supervisar a actividade e funcionamento do persoal de administración e servizos.
- c) Actuar como secretario/a dos órganos colexiados de goberno, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e praxe da dirección.
- d) Expedir as certificacións que se soliciten.
- e) Elaborar o anteproxecto de orzamento do conservatorio de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.
- f) Realizar a contabilidade e presentar contas ante o consello escolar e as autoridades correspondentes.
- g) Elaborar e actualizar o inventario xeral do conservatorio coa colaboración das xefaturas de departamento e as coordinacións que corresponda.
- h) Custodiar e supervisar a conservación do equipamento e material didáctico do Conservatorio en colaboración coas xefaturas de departamento e coas coordinacións que corresponda.
- i) Custodiar os libros, arquivos e bases de datos do conservatorio.
- j) Supervisar a conservación, mantemento, limpeza e vixilancia do edificio do conservatorio.
- k) Dar a coñecer e difundir a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese profesional e académico de relevancia para a toda a comunidade educativa.
- l) Por delegación da dirección, establecer mecanismos de xestión da correspondencia electrónica do conservatorio, derivando a súa resposta a quen corresponda.
- m) Presidir, se é o caso, e por delegación da dirección, a comisión



económica.

n) Calquera outra función que lle poda encomendar a dirección no ámbito das súas competencias.

Sección terceira. Equipo directivo

Artigo 11º. Nomeamento, substitución e cesamento.

1. A dirección, logo de informar ao claustro e ao consello escolar, propondrá aos docentes que han de ocupar os restantes cargos do equipo directivo á xefatura territorial da Consellería competente en materia de educación a fin de que sexan nomeados por esta. O nomeamento e toma de posesión realizaranse con efectos do 1 de xullo seguinte á celebración do proceso de selección, por un período de catro anos.

2. Non poderá ser proposto para a xefatura de estudos, secretaría ou vicedirección o profesorado que, por calquera causa, non vaia prestar servizo no conservatorio no curso académico inmediatamente seguinte ao que tomaría posesión deste cargo.

3. Nos conservatorios de nova creación os órganos unipersoais serán ocupados por docentes designados e nomeados pola xefatura territorial da Consellería competente en materia de Educación.

4. Co fin de permitir o adecuado funcionamento do conservatorio, no suposto de ausencia prolongada dalgún membro do equipo directivo, a dirección poderá designar a un membro do departamento deste para levar a cabo, con carácter temporal, as súas funcións directivas, cando a dita ausencia implique profesorado substituto. En tal caso, a persoa substituta realizará as funcións docentes do membro do departamento designado. Este extremo precisará a autorización expresa da inspección educativa.

5. A vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría cesarán nas súas



funcións ao remate do seu mandato e nos seguintes supostos:

- a) Cando cese a dirección que propuxo o seu nomeamento.
- b) Por renuncia motivada aceptada pola dirección e ratificada pola xefatura territorial, logo do informe favorable da inspección educativa.
- c) Por incapacidade física o psíquica.
- d) Por proposta motivada da dirección, informados o claustro e o consello escolar, logo da audiencia ao interesado e do informe favorable da inspección educativa, .
- e) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa e suspensión de funcións de acordo co disposto na lexislación vixente.

6. A Consellería competente en materia de Educación poderá cesar ou suspender de funcións a calquera dos membros do equipo directivo cando exista incumprimento grave das súas funcións.

7. Cando se produza o cesamento dun membro do equipo directivo a Consellería competente en materia de educación nomeará polo resto do mandato a outro docente por proposta da dirección, quen informará ao claustro e ao consello escolar.

Capítulo II. Órganos colexiados de goberno.

Artigo 12º. Composición

Os conservatorios de música e de danza terán os seguintes órganos colexiados de goberno: o consello escolar e o calustro docente.

Sección primeira. Consello Escolar

Artigo 13º. Definición

1. O consello escolar é o órgano de participación no control e goberno



dos conservatorios de música e de danza por parte dos distintos sectores da comunidade educativa .

Artigo 14º. Composición

1. O consello escolar dos conservatorios terá a seguinte composición:

- a) A dirección do conservatorio que exercerá a presidencia.
- b) A xefatura de estudos do conservatorio.
- c) Un representante do concello do municipio no que estea situado o conservatorio, que preferentemente estará relacionado co ámbito cultural.
- d) Un representante de pais e nais ou titores legais
- e) Un representante do persoal de administración e servizos do conservatorio.
- f) O secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

1.1 No suposto de conservatorios con 60 ou máis docentes:

- Sete docentes elixidos por entre os membros do claustro.
- Cinco representantes do alumnado elixidos por e entre este colectivo.

1.2 No suposto de conservatorios de ata 60 docentes:

- Cinco docentes elixidos por entre os membros do claustro.
- Catro representantes do alumnado elixidos por e entre este colectivo.

1.3 No suposto de conservatorios de ata 20 docentes:

- Dous docentes elixidos por entre os membros do claustro.
- Dous representantes do alumnado elixidos por e entre este colectivo.

2. Un dos representantes do alumnado será a persoa que presida a xunta de delegados.



3. O representante de pais e nais ou titores legais será designado pola asociación máis representativa do conservatorio.
4. Só pode ser elector e elixible do consello escolar o alumnado matriculado nas ensinanzas correspondentes ao grao profesional.
5. O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución do consello escolar rexeráse polo disposto na normativa establecida para o efecto pola Consellería competente en materia de educación.

Artigo 15º. Competencias

O consello escolar terá as seguintes competencias:

a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración dos proxectos educativo e de xestión, da programación xeral anual, das normas de organización e funcionamento, e aprobalos e avalialos respectando as competencias docentes que corresponden ao claustro.

Así como informar a memoria anual do conservatorio.

b) Aprobar o proxecto de orzamento e a súa execución.

c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, os resultados das avaliacións internas e externas, e a xestión da información entre os diferentes sectores da comunidade educativa.

d) Decidir sobre a admisión do alumnado de acordo coa normativa vixente.

e) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no conservatorio, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.

f) Coñecer a iniciación e resolución dos expedientes disciplinarios ao alumnado e velar pola súa adecuación á normativa vixente.



- g) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos.
- h) Participar, se é o caso, na selección da dirección de acordo co establecido na normativa de aplicación. Ser informado do nomeamento e cese dos membros do equipo directivo e propoñer a revogación motivada da dirección por maioría de dous terzos dos seus membros.
- i) Elaborar propostas e informes por iniciativa propia ou a petición da Consellería competente en materia de educación sobre o funcionamento xeral do conservatorio e a mellora da súa calidade.
- j) Establecer os criterios para colaborar, con fins educativos e culturais, coas administracións local e autonómica, centros docentes, e outras entidades públicas e privadas .
- k) Promover a renovación das instalacións e equipamento do conservatorio e velar pola súa conservación.
- l) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Consellería competente en materia de educación no ámbito das súas competencias.

Artigo 16º. Comisións

1. No seo do consello escolar, constituirase unha comisión económica integrada pola dirección, un docente elixido polo seu sector no consello escolar, a presidencia da xunta de delegados, e o secretario ou secretaria.
2. Igualmente poderase constituír o observatorio da convivencia adaptando a composición establecida no Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar ás características do cadro docente dos conservatorios de Música e de Danza .
3. Poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, cando menos, a dirección, un docente e un



representante do alumnado. En todo caso as comisións informarán o consello escolar sobre os temas que se lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.

Sección segunda. Claustro Docente.

Artigo 17º. Definición

1. O claustro é o órgano de participación dos docentes no control e goberno dos conservatorios música e de danza e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e decidir sobre todos os aspectos educativos destas.
2. O claustro será presidido pola dirección e estará integrado polos docentes que prestan servizos no conservatorio.

Artigo 18º. Competencias.

- a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración e desenvolvemento do proxecto educativo e da programación xeral anual así como propor iniciativas no ámbito da innovación educativa e da formación docente.
- b) Aprobar, informar e avaliar o desenvolvemento do currículo nas diferentes especialidades, así como todos os aspectos educativos do proxecto educativo e da programación xeral anual e emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do conservatorio.
- c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado e os resultados das avaliacións internas e externas e propoñer, se é o caso, medidas de mellora.
- d) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos, e ser informado das propostas de nomeamento e cesamento dos membros



do equipo directivo

e) Elixir os seus representantes no Consello Escolar e participar, se é o caso, na selección da dirección de acordo coa normativa vixente.

f) Coñecer a resolución de expedientes disciplinarios e a imposición de sancións ao alumnado, verificando a súa adecuación á normativa vixente.

g) Calquera outra atribuída pola Consellería competente en materia de educación no ámbito das súas competencias.

Sección terceira. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados de goberno

Artigo 19º. Constitución e sesións.

1. Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque a súa presidencia ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, a presidencia realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días contados desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á entrega da petición de convocatoria.

En todo caso reuniranse ao inicio e remate de curso.

2. Nas reunións ordinarias a dirección, cunha antelación mínima dunha semana, convocará a sesión e poñerá a disposición dos membros do órgano colexiado a documentación necesaria para o seu mellor desenvolvemento. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia

3. Para a válida constitución dos órganos colexiados de goberno, para a



realización das sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da dirección, da secretaría ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e cando menos da metade dos membros do correspondente órgano colexiado. Se non existise quorum, o órgano constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e na mesma hora, neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos membros e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza da dirección e da secretaría ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan.

4. A dirección presidirá as sesións, moderará o desenvolvemento dos debates e poderá suspendelas por causas xustificadas.

Artigo 20º. Acordos e actas.

1. Os acordos adoptaranse por maioría de votos. A Consellería competente en materia de educación poderá establecer unha maioría cualificada en determinados supostos.

2. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que no conste na orde do día, a non ser que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

3. De cada sesión, a secretaría redactará un acta cos seguintes apartados: asistentes, orde do día, lugar e duración da sesión, asuntos principais tratados e acordos adoptados.

4. A Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común será a norma reguladora dos aspectos non tratados especificamente en este regulamento.



Artigo 21º. Asistencia do profesorado aos órganos colexiados.

1.A asistencia do profesorado ás sesións dos órganos colexiados de goberno que corresponda é obrigatoria, polo que as ausencias terán o carácter de horas lectivas para os efectos de faltas de asistencia e de permisos.

2.Non poderá asistir ás ditas reunións o profesorado en situación de incapacidade temporal, agás naqueles casos específicos que así se determinen pola Consellería competente en materia de educación.

Capítulo III. Órganos de coordinación docente

Artigo 22º. Composición

Nos conservatorios de música e de danza existirán os seguintes órganos de coordinación docente:

- a) Departamentos didácticos.
- b) Comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Equipo de dinamización da lingua galega.
- d) Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- e) Coordinación do grao elemental.
- f) Coordinación multimedia.
- g) Coordinación de biblioteca.
- h) Titorías.

Artigo 23º. Asistencia do profesorado

1.A asistencia do profesorado ás sesións dos órganos de coordinación docente é obrigatoria, polo que as ausencias terán o carácter de horas lectivas para os efectos de faltas de asistencia e de permisos.



2. Non poderá asistir ás ditas reunións o profesorado en situación de incapacidade temporal, agás naqueles casos específicos que así se determinen pola Consellería competente en materia de educación.

Sección primeira. Departamentos Didácticos

Artigo 24º. Definición

1. Os departamentos didácticos son órganos de coordinación docente organizados como equipos de traballo para lograr os obxectivos establecidos na súa programación didáctica, no proxecto educativo e na programación xeral anual do conservatorio. O seu funcionamento debe basearse na interacción dos seus membros que colaborarán coordinadamente nas funcións que este órgano ten encomendadas.

2. A cada Departamento didáctico pertencerán o profesores e profesoras das especialidades que impartan as ensinanzas propias das materias asignadas ao Departamento. Estará adscrito a un Departamento o profesorado que, aínda pertencendo a outro, impartan algunha materia do primeiro.

3. Cando nun conservatorio de música ou de danza se impartan materias que non estean asignadas a un Departamento pola normativa vixente, ou ben poidan ser impartidas polo profesorado de distintos Departamentos e a prioridade da súa atribución non estea establecida pola normativa vixente, a Dirección, a proposta da Comisión de coordinación pedagóxica, adscribirá estas ensinanzas a un dos Departamentos didácticos.

4. Cada departamento didáctico terá unha xefatura de departamento .

5. Nos conservatorios de música existirán, en función das especialidades autorizadas, os seguintes Departamentos didácticos:



- a) Departamento de Corda.
- b) Departamento de Corda Pulsada.
- c) Departamento de Composición.
- d) Departamento de Linguaxe Musical
- e) Departamento de Canto.
- f) Departamento de Orquestra e Música de Cámara.
- g) Departamento de Tecla.
- h) Departamento de Vento Madeira
- i) Departamento de Vento metal.
- j) Departamento de Percusión.

5. Nos conservatorios de danza existirán, en función das especialidades autorizadas, os seguintes Departamentos didácticos:

- a) Departamento de Danza Clásica.
- b) Departamento de Danza de Carácter.
- c) Departamento de Danza Contemporánea.
- d) Departamento de Música.
- e) Departamento de Piano Acompañante.
- f) Departamento de Materias Teóricas

6. Os conservatorios de música e de danza poderán establecer no seu proxecto educativo, e en función do número de profesores, ata dous novos departamentos ademais dos establecidos no apartado anterior.

7. A Consellería competente en materia de Educación regulará o procedemento e os requisitos que permitan aos conservatorios profesionais de música e de danza establecer no seu proxecto educativo, e atendendo ás peculiaridades do mesmo, unha estrutura departamental diferente á contemplada nos dous apartados anteriores, sen que en



ningún caso se poida superar o número máximo de Departamentos didácticos establecido nos ditos apartados.

Artigo 25º. Funcións dos Departamentos didácticos.

É competencia dos departamentos didácticos:

- a) Impartir a oferta educativa que lles corresponda en relación coa súa especialidade e segundo o establecido na programación didáctica do departamento.
- b) Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro sobre os documentos que desenvolven a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión do conservatorio.
- c) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas ao desenvolvemento curricular e á organización e á planificación docentes.
- d) Elaborar e redactar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica da oferta educativa que lles corresponda, baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- e) Promover e organizar actividades culturais e de promoción das ensinanzas e participar nelas dentro e fóra do conservatorio, cando estas se realicen en horario lectivo.
- f) Participar no seguimento mensual, cando menos, da programación didáctica e elaborar, rematado o curso escolar, unha memoria anual na que se avalíe a súa aplicación.



- g) Participar na resolución motivada das reclamacións sobre as probas que afecten ao departamento.
- h) Participar na elaboración dun banco de actividades didácticas do seu departamento.
- i) Investigar e participar na mellora continua dos procesos de ensino da especialidade correspondente.
- j) Participar nos plans de avaliación que determine a Consellería competente en materia de Educación ou o propio conservatorio.
- k) Colaborar coas coordinacións de multimedia e de biblioteca para o adecuado cumprimento das funcións das mesmas.
- l) Calquera outra actividade que no ámbito das competencias dun departamento didáctico se lle poida asignar por parte da dirección do conservatorio ou da Consellería competente en materia de Educación.

Artigo 26º. Nomeamento

1. As xefaturas dos departamentos didácticos serán nomeadas pola dirección do conservatorio, oído o departamento, que o comunicará á xefatura territorial da Consellería competente en materia de educación.
2. As xefaturas dos departamentos didácticos desempeñarán o seu cargo durante un período de catro anos.
3. A xefatura de departamento será desempeñada por un docente do departamento que estea en situación de servizo activo no corpo de profesores de música e artes escénicas. Cando non exista no departamento ningún profesor/a con destino definitivo, a xefatura poderá recaer nun profesor/a sen destino definitivo no conservatorio.
4. En caso de ausencia prolongada da xefatura de departamento, a dirección designará un membro do departamento para desenvolver as



súas funcións.

Artigo 27º. Funcións

É competencia da xefatura de departamento:

- a) Representar o Departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica e cando sexa convocada no ámbito das súas competencias, e informar dos acordos acadados aos membros do departamento.
- b) Convocar e presidir as reunións do departamento e levantar a acta correspondente.
- c) Elaborar a previsión da oferta educativa do departamento e colaborar coa dirección na planificación desta e de actividades culturais.
- d) Dirixir e coordinar as actividades académicas que o departamento teña encomendadas.
- e) Coordinar a elaboración da programación didáctica da oferta educativa do departamento e responsabilizarse da súa redacción cos restantes membros do departamento.
- f) Garantir a impartición do currículo das ensinanzas correspondentes a través do seguimento mensual, cando menos, da programación didáctica, que se realizará mediante protocolos establecidos para tal fin. No caso de incumprimento deberá elevar informe á dirección no que se incorporarán os motivos que corresponda e que quedará á disposición da inspección educativa.
- g) Redactar a memoria do departamento ao remate do curso académico.
- h) Garantir que o alumnado coñeza a información relativa á programación, con especial referencia aos obxectivos, criterios de avaliación, corrección, cualificación e mínimos esixibles, así como ás características das distintas probas e da cualificación destas.
- i) Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao seu



departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar o informe motivado pertinente.

j) Custodiar as probas e documentos de avaliación do alumnado durante un ano dende a finalización do curso académico, e responsabilizarse de que a organización de toda a documentación do departamento permita a súa dispoñibilidade cando cumpra.

k) Coordinar coa xefatura de estudos a organización de espazos e instalacións do conservatorio e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento e das aulas, cando estas estean asignadas ao departamento.

l) Responsabilizarse da xestión do orzamento do departamento didáctico e administralo segundo as instrucións da dirección.

m) Asesorar ao profesorado de nova incorporación no ámbito das súas funcións.

n) Facilitar a información sobre a actividade académica do departamento que se lle solicite polos distintos sectores da comunidade educativa.

o) Dinamizar a actividade profesional dos membros do departamento, promover a investigación educativa no ámbito das ensinanzas que lle corresponda e propoñer á vicedirección actividades do ámbito das ensinanzas do mesmo.

p) Calquera outra actividade que no ámbito das súa competencia a dirección ou a Consellería competente en materia de Educación lle poida encomendar.

Artigo 28º. Finalización do mandato

1. A xefatura de departamento finalizará as súas funcións ao remate do seu mandato ou ao producirse algunha das circunstancias seguintes:

a) Traslado temporal ou definitivo, voluntario ou forzoso, pase a



situación de servizos especiais, xubilación, excedencia voluntaria ou forzosa.

b) Cesamento pola Consellería competente en materia de Educación, de oficio ou por proposta motivada da dirección, a causa de incumprimento de funcións, oído o departamento e a persoa interesada, e logo do informe da inspección educativa.

c) Renuncia motivada e aceptada pola inspección educativa, oída a dirección e a persoa interesada.

2. Cando a xefatura de departamento finalice ou sexa cesada nas súas funcións por calquera causa das enumeradas neste artigo, a dirección da escola procederá a designar o novo xefe ou xefa de departamento, de acordo co establecido no artigo 26 deste decreto.

Artigo 29º. Réxime de funcionamento dos departamentos

1. Os departamentos reuniranse, con carácter xeral, unha vez por semana. Unha vez ao mes a reunión dedicarase a facer o seguimento da programación didáctica.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, durante os meses de xuño e setembro os departamentos celebrarán as reunións que sexan precisas para a elaboración da memoria anual do curso, da programación didáctica, e das propostas que corresponda para a programación xeral anual.

3. De cada reunión a xefatura de departamento levantará acta deixando constancia dos asistentes e dos acordos adoptados.

Sección segunda. Outros órganos e coordinacións.

Artigo 30º. Comisión de coordinación pedagóxica.

1. A Comisión de coordinación pedagóxica é o órgano responsable de



velar pola coherencia pedagóxica entre as programacións didácticas dos distintos cursos, así como de garantir a coordinación entre o equipo directivo e os Departamentos didácticos.

2. Constituirase en todos os conservatorios unha comisión de coordinación pedagóxica.

3. Este órgano estará integrado por:

a) A dirección, que exercerá a súa presidencia.

b) A xefatura de estudos.

c) As xefaturas de todos os departamentos didácticos.

d) A persoa coordinadora do Equipo de dinamización da lingua galega.

e) A persoa responsable da coordinación do grao elemental.

4. Actuará como secretario un membro da comisión, designado pola dirección, oídos os restantes membros.

5. Ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica poderá ser convocado calquera membro do claustro cando se traten temas relacionados directamente coas súas funcións.

6. O funcionamento da comisión de coordinación pedagóxica aterase ao establecido nos artigos 19, 20 e 21 deste decreto, relativos ao réxime de funcionamento dos órganos colexiados de goberno

Artigo 31º. Competencias

Serán competencias da comisión de coordinación pedagóxica:

a) Coñecer a oferta educativa do conservatorio e elevar propostas á dirección.

b) Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas, velar polo seu cumprimento, así como elaborar protocolos para avaliar o resultado do seu desenvolvemento.



- c) Propor ao claustro, para a súa aprobación, as programacións didácticas dos diferentes departamentos.
- d) Establecer directrices para o funcionamento adecuado das titorías.
- e) Propor ao claustro para a súa aprobación os criterios pedagóxicos para a elaboración do horario do alumnado.
- f) Propor ao claustro o calendario das probas ordinarias e extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.
- g) Fomentar iniciativas de creación de grupos de traballo en función das necesidades do conservatorio.
- h) Propor criterios para a elaboración de actividades culturais e artísticas e deseñar accións de colaboración interdepartamental encamiñadas a favorecer a práctica de conxunto.
- i) Garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presentan coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.
- j) Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado.
- k) Realizar propostas ao equipo directivo para a distribución dos recursos do conservatorio.
- l) Deseñar instrumentos de avaliación interna para a súa aplicación e procesar e analizar a información obtida para identificar fortalezas e debilidades do conservatorio, e propoñer ao claustro as medidas de mellora, se é o caso, que corresponda.
- m) Analizar os resultados da avaliación externa do conservatorio e propor ao claustro plans de mellora cando cumpra.

Artigo 32º. Equipo de dinamización da lingua galega



Os Conservatorios terán un equipo de dinamización da lingua galega nas condicións e composición que se determine na normativa de aplicación.

Artigo 33º. Equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

1. Os conservatorios de música e de danza poderán ter un equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas que estará integrado polo seu coordinador e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma.

2. É competencia da vicedirección do conservatorio coordinar o equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

3. Cando non exista vicedirección, estas funcións serán realizadas por un membro do claustro, que será designado pola dirección a proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

4. As funcións da persoa coordinadora do equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas son:

- a) Promover, organizar e coordinar a realización de actividades culturais, artísticas e de promoción das ensinanzas que se impartan no conservatorio.
- b) Diseñar, seguindo as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, actividades culturais e artísticas que impliquen todas as ensinanzas que se imparten no conservatorio.
- c) Elaborar o programa anual das actividades para o que se terá en conta as propostas dos distintos sectores da comunidade educativa.
- d) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, orzamento e forma de participación do alumnado.



- e) Proporcionar a información relativa ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas dos distintos departamentos.
- f) Elaborar unha memoria anual de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria anual do conservatorio.

Artigo 34. Coordinación do grao elemental.

1. Os conservatorios profesionais nos que se imparta tamén o grao elemental, contarán cun coordinador ou coordinadora do grao elemental.

2. O profesor ou profesora encargada da coordinación do grao elemental será nomeada pola dirección do conservatorio, a proposta da Comisión de coordinación pedagóxica, entre o profesorado con destino definitivo no conservatorio que imparta ensinanzas correspondentes ao grao elemental.

3. A duración do mandato da persoa coordinadora do grao elemental será de catro anos.

3.O coordinador ou coordinadora do grao elemental terá as seguintes competencias:

a)Trasladar aos departamentos didácticos correspondentes as propostas de axustes da programación didáctica que garantan o carácter global das ensinanzas de cada curso do grao elemental.

b)Colaborar coa xefatura de estudos na coordinación do proceso de avaliación dos alumnos e alumnas, trasladando aos Departamentos didácticos correspondentes as propostas relacionadas co mellor desenvolvemento dos procesos de avaliación, e coas medidas correctoras que esa avaliación aconselle.



- c) Trasladar á aefatura de estudos as propostas relacionadas coa composición dos grupos de alumnos e alumnas, e colaborar na coordinación dos horarios das diferentes especialidades.
- d) Coordinar a acción tutelar de orientación, especialmente no que fai ás decisións relacionadas coa continuidade do alumnado no centro, ou co posible cambio de especialidades, de acordo coas súas aptitudes e intereses e coas prazas dispoñibles no centro.
- e) Realizar propostas a Comisión de Coordinación Pedagóxica sobre as probas de aptitude.

Artigo 35º. Coordinación multimedia

1. Os conservatorios profesionais de música e de danza poderán contar cunha persoa responsable dos recursos multimedia de que dispoña o centro.
- 2.O profesor ou profesora encargada da coordinación multimedia será nomeada pola dirección do conservatorio, a proposta da Comisión de coordinación pedagóxica, entre o profesorado con destino definitivo no conservatorio.
- 3.A duración do mandato da persoa coordinadora de multimedia será de catro anos.
- 4.A persoa coordinadora de multimedia terá as seguintes funcións:
 - a) Impulsar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
 - b) Identificar e recompilar os recursos multimedia necesarios para que o profesorado realice as actividades didácticas previstas e propor, se é o caso, a súa adquisición.
 - c) Arquivar e xestionar os recursos multimedia do centro e facilitar a súa utilización ao profesorado.
 - d) Asesoramento ao profesorado dos recursos multimedia.



- e) Realizar o mantemento e actualización do sitio web do conservatorio en colaboración coa vicedirección.
- f) Aqueloutras que no ámbito da súa actuación lle encomende a dirección.

Artigo 36º. Coordinación de biblioteca

1. Os conservatorios profesionais de música e de danza poderán contar cunha persoa responsable da biblioteca do centro.

2.O profesor ou profesora encargada da coordinación da biblioteca será nomeada pola dirección do conservatorio, a proposta da Comisión de coordinación pedagóxica, entre o profesorado con destino definitivo no conservatorio.

3.A duración do mandato da persoa coordinadora da biblioteca será de catro anos.

4.A persoa coordinadora da biblioteca terá as seguintes funcións:

- a) Identificar e recompilar os recursos bibliográficos, fonográficos e videográficos do conservatorio necesarios para que o profesorado realice as actividades didácticas previstas e propor, se é o caso, a súa adquisición.
- b) Supervisar a catalogación e, se é o caso, dixitalización dos fondos da biblioteca.
- c) Impulsar o uso da biblioteca entre a comunidade educativa.
- d) Aqueloutras que no ámbito da súa actuación lle encomende a dirección.

Artigo 37º. Titorías

1. Cada profesor ou profesora será responsable da titoría do alumnado matriculado nos cursos nos que imparta docencia e, ademais das súas



tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Proporcionarlle, no principio de curso, ao alumnado e, se é o caso, aos seus pais, nais ou titores legais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde pode consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- b) En relación coas programacións didácticas, proporcionarlle ao alumnado información, cando menos, dos criterios de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles.
- c) Realizar unha avaliación inicial do alumnado para establecer as medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos obxectivos do curso que imparta.
- d) Efectuar o seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades individuais, co obxecto de facilitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- e) Facilitar a integración do alumnado e fomentar a súa participación nas actividades do conservatorio.
- f) Orientar as demandas e inxerencias do alumnado e mediar, en colaboración coa persoa delegada do grupo, nos problemas que se presenten.
- g) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu alumnado.
- h) Controlar a falta de asistencia do alumnado e ter informada a xefatura de estudos mediante os procedementos que se establezan pola dirección.



i) Participar nas actividades do conservatorio, dentro e fóra del, cando estas se realicen en horario lectivo.

3. O profesorado titor deberá coordinarse co profesorado que imparta docencia a grupos do mesmo curso e nivel, cumprindo os acordos acadados, e manter actualizada a metodoloxía didáctica.

TÍTULO III. Autonomía pedagóxica e de xestión

Capítulo I. Autonomía dos Conservatorios de Música e de Danza

Artigo 38º. Aspectos xerais.

1. Os conservatorios de música e de danza disporán de autonomía tanto no pedagóxico como no organizativo e na xestión económica dos seus recursos nos termos establecidos no presente decreto.

2. A autonomía pedagóxica concretarase no proxecto educativo, e a organizativa na programación xeral anual e nas normas de organización e funcionamento.

3. A autonomía de xestión económica reflectirase na elaboración e execución do proxecto de xestión, debendo axustar o seu contido ao disposto na normativa vixente.

4. Corresponde á Consellería competente en materia de Educación fixar as bases para que os Conservatorios, no exercicio da súa autonomía poidan adoptar innovacións, plans de traballo e formas de organización experimentais ou ampliación do horario lectivo.

5. O exercicio da autonomía pedagóxica, de organización e de xestión rexerese polo principio de mellora continua da calidade educativa, tanto dos procesos como dos resultados.



Capítulo II. Autonomía pedagóxica

Artigo 39º. Proxecto Educativo.

O proxecto educativo é unha proposta global e colectiva de actuación a medio prazo que debe ter en conta as características do contorno social, cultural e económico no que están situados os conservatorios de música e de danza. O obxectivo deste documento é amosar as características singulares de cada conservatorio, contextualizar as súas actuacións e establecer mecanismos de coordinación e actuación pedagóxica para asegurar que se satisfagan as necesidades de aprendizaxe dos seus usuarios.

2. O proxecto educativo deberá respectar os principios de non discriminación como valores fundamentais dos conservatorios de música e de danza.

3. O proxecto educativo incluírá os seguintes apartados:

- a) A descrición do contorno social, cultural e económico.
- b) Os obxectivos do conservatorio para dar resposta ás necesidades do seu contorno e para a propia mellora do mesmo, e as prioridades de actuación.
- c) As medidas e recursos de organización e de xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.
- d) As relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos.
- e) A oferta formativa.
- f) Os principios metodolóxicos e os criterios de selección de material



didáctico.

- g) As directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.
- h) As directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- i) As directrices para o funcionamento adecuado das titorías.
- j) O plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

- k) O plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión do conservatorio.

4. O proxecto educativo do conservatorio elaborárase baixo a coordinación do equipo directivo coa participación da comunidade educativa nos termos establecidos nas normas de organización e funcionamento, e de acordo cos criterios fixados polo consello escolar e as propostas realizadas polo claustro e a xunta de representantes do alumnado.

5. O proxecto educativo será aprobado e avaliado polo consello escolar sen prexuízo dos aspectos docentes, establecidos nos apartados f, g, que serán aprobados e avaliados polo claustro.

6. O equipo directivo daralle publicidade ao proxecto educativo de maneira que permita un mellor coñecemento do conservatorio e cara a orientar a labor do profesorado e a favorecer a transparencia e visibilidade da súa oferta formativa.

7. O proxecto educativo poderá ser modificado segundo propostas de calquera membro ou sector da comunidade educativa. As modificacións deberán ser aprobadas polos mesmos órganos responsables da



aprobación do proxecto educativo e entrarán en vigor o curso académico seguinte ao da súa aprobación.

8. A inspección educativa supervisará o proxecto educativo para comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes, autorizará a oferta formativa, formulando, se é o caso, as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

Artigo 40º. Programacións didácticas

1. As programacións didácticas son o instrumento de planificación curricular específico de cada Departamento para cada un dos cursos das ensinanzas que se imparten nun conservatorio de música ou de danza.

2. A programación didáctica dun departamento seguirá as directrices propostas pola comisión de coordinación pedagóxica e establecidas no proxecto educativo, e elaborárase segundo os principios recollidos nel.

3. A programación didáctica dun departamento incluírá os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos de cada unha das materias e cursos que imparte o departamento.
- b) Os contidos, a súa secuencia e temporalización nos distintos cursos.
- c) Os criterios de avaliación de cada curso, especificando os mínimos esixibles para superalo.
- d) Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- e) Os criterios de cualificación que se vaian aplicar.



- f) O enfoque metodolóxico.
 - g) Os recursos didácticos, incluídos as tecnoloxías da información e da comunicación, os materiais curriculares e bibliografía para uso do alumnado.
 - h) As actividades culturais e de promoción das ensinanzas programadas polo departamento.
 - i) Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación didáctica.
 - j) Os procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.
4. Todas as ensinanzas que se impartan nos conservatorios de música e de danza de Galicia deberán contar coa oportuna programación didáctica.
5. O profesorado desenvolverá a súa actividade docente de acordo co establecido no proxecto educativo e na programación didáctica correspondente, e respectará os acordos acadados nos distintos órganos.
6. Os conservatorios de música e de danza daránlle publicidade na súa páxina web, alomenos, aos criterios de avaliación mínimos esixibles para superar o curso, así como a estrutura e cualificacións mínimas necesarias para a superación das diferentes probas de avaliación.
7. Dado o seu carácter anual, as programacións didácticas serán unha achega da programación xeral anual.
8. A inspección educativa supervisará as programacións didácticas para



comprobar a adecuación ao establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

9. Á vista das actas correspondentes, os departamentos, despois das avaliacións ordinarias de final de curso, recollerán nunha memoria cando menos os seguintes aspectos:

- a) Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.
- b) Motivo das modificacións.
- c) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.
- d) Propostas para a programación didáctica do curso seguinte.

A memoria, redactada pola xefatura de departamento, será entregada á xefatura de estudos no prazo que estableza a dirección do centro, de acordo co calendario disposto para facer a avaliación da programación xeral anual prevista no artigo 41 deste decreto.

Capítulo III. Autonomía organizativa

Artigo 41º. Programación Xeral Anual

Os conservatorios de música e de danza elaborarán anualmente, ao principio de cada curso, unha programación xeral anual que recollerá todos os aspectos relativos á organización e funcionamento do centro e todos os plans de actuación acordados e aprobados para ese curso académico.

2. A programación xeral anual será elaborada polo equipo directivo e terá



en conta as propostas do claustro e as directrices do consello escolar.

3. Os distintos sectores da comunidade educativa, a través das súas organizacións ou individualmente, poderanlle presentar as propostas que coiden convenientes ao equipo directivo para a programación xeral anual.

4. A programación xeral anual incluírá os seguintes apartados:

a) Obxectivos específicos que o conservatorio se propón conseguir no curso académico, tomando como referencia o proxecto educativo e a memoria anual do curso anterior.

b) Medidas que se van desenvolver para a consecución dos obxectivos propostos e recursos previstos para o efecto.

c) Horario xeral e criterios para a súa elaboración.

d) Horario de atención ao público.

e) Cadro xeral horario de atención titorial.

f) Participación do profesorado do conservatorio en programas de innovación educativa, se é o caso.

g) Programa anual de formación do profesorado.

h) Plan de potenciación da lingua galega.

i) Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

j) Plan de autoprotección, modificacións, se é o caso, ou a observación de que segue vixente.

k) Horario de utilización das instalacións do centro.

l) Calendario de avaliación da programación xeral anual e de



autoevaluación do conservatorio.

m) Documento de organización do centro.

n) As modificacións do proxecto educativo, se é o caso, e as programacións didácticas dos departamentos incluíranse como anexo á programación xeral anual.

5. A programación xeral anual será aprobada polo claustro de profesores no ámbito da súa competencia e elevada, para a súa aprobación posterior, ao consello escolar, que respectará, en todo caso, os aspectos docentes que competen ao claustro.

6. Unha vez aprobada a programación xeral anual, un exemplar desta quedará na secretaría do centro a disposición dos membros da comunidade educativa e outro, acompañado dunha copia da acta das sesións do claustro e do consello escolar en que se aprobou, remitirase á inspección educativa.

7. A programación xeral anual será de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa.

8. A inspección educativa supervisará a programación xeral anual para comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes e no proxecto educativo do conservatorio, formulará as suxestións que estime oportunas e indicará as correccións que procedan.

9. Polo menos cunha periodicidade trimestral, os órganos colexiados reuniranse para avaliar, cada un no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento da programación xeral anual e propor as oportunas modificacións, se as houber.

10. O equipo directivo establecerá os protocolos que corresponda para o seguimento do grao de cumprimento da programación xeral anual.



Artigo 42º. Memoria anual do conservatorio.

A dirección do conservatorio establecerá un calendario que permita a avaliación, por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo, da programación xeral anual e o seu grao de cumprimento. As conclusións máis relevantes serán recollidas polo equipo directivo nunha memoria que se lle remitirá antes do 10 de xullo á Inspección Educativa.

2.A estrutura da citada memoria será semellante á establecida para a programación xeral anual e fará referencia ás modificacións introducidas, se é o caso, durante o curso e as causas que as motivaron.

3. O equipo directivo incorporará á memoria anual os informes presentados por cada un dos órganos de coordinación docente, así como das coordinacións específicas existentes, que recollerán a avaliación do grao de consecución dos obxectivos que se propuxeron, analizando as dificultades e resultados obtidos, propoñendo solucións e sacando as conclusións que coiden oportunas.

4. A memoria anual conterá tamén un apartado económico, realizado polo responsable da secretaría, de acordo co establecido no proxecto de xestión.

5. De ser o caso, tanto as asociacións de nais e pais como de alumnado legalmente constituídas poderán presentarlle ao equipo directivo o informe das actividades desenvolvidas e cantas achegas e suxestións coiden oportunas sobre elas. Este informe unirase como anexo á memoria anual elaborada polo conservatorio.

6. As conclusións recollidas na memoria anual do conservatorio serán tidas en conta na elaboración da programación xeral do ano seguinte.

Artigo 43º. Normas de Organización e Funcionamento.

1. As normas de organización e funcionamento establecerán a estrutura



organizativa e funcional de cada conservatorio. Nelas estableceranse as condutas, tarefas e actividades do conservatorio necesarias para alcanzar os obxectivos previstos. En todo caso, estarase ao disposto no establecido na normativa de aplicación referente aos dereitos e deberes do alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

2. As normas de organización e funcionamento serán elaboradas polo equipo directivo, informadas polo claustro e aprobadas polo consello escolar, e incorporaranse ao proxecto educativo do conservatorio.

3. Deberán concretar, tendo en conta as características e os recursos propios de cada conservatorio, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente.
- b) A organización práctica da participación de todos os membros da comunidade educativa.
- c) Normas que favorezan as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.
- d) As canles de colaboración entre os distintos órganos de goberno, e de coordinación docente
- e) A organización dos espazos e instalacións do conservatorio e as normas para o correcto uso.

4. Modificacións

As normas de organización e funcionamento poderán ser modificadas segundo propostas de calquera membro ou sector da comunidade educativa. As modificacións deberán ser aprobadas polo mesmo procedemento establecido para a aprobación das ditas normas, entrarán en vigor o curso académico seguinte ao da súa aprobación e incluíranse no proxecto educativo e na programación xeral anual.

5. A inspección educativa supervisará as normas de organización e



funcionamento para comprobar a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que procedan.

Artigo 44º. Proxecto de xestión

De acordo co establecido no artigo 123 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, os conservatorios de música e de danza disporán de autonomía na súa xestión económica no marco establecido na citada Lei e na normativa autonómica vixente, elaborando ao efecto o proxecto de xestión, que incluírá o plan anual de ordenación e utilización do seu orzamento.

2. Sen prexuízo de que reciban os recursos económicos necesarios para cumprir os seus obxectivos con criterios de calidade, os conservatorios de música e de danza poderán obter recursos complementarios pola prestación de servizos distintos dos gravados por prezos públicos, como outros fondos procedentes de entidades públicas, privadas ou particulares. Estes recursos deberán ser aplicados aos seus gastos de funcionamento e non poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de pais e de alumnos no cumprimento dos seus fins.

3. Os conservatorios poderán ademais recibir achegas voluntarias dos pais de alumnos ou doutras institucións, de acordo co establecido na lexislación vixente.

4. A Consellería competente en materia de educación poderá delegar nos órganos de goberno dos conservatorios dependentes da mesma a adquisición de bens, contratación de obras, servizos e subministracións cos límites que legalmente se establezan.

5. A comisión económica, logo da aprobación no consello escolar, deberá



presentar para a súa autorización pola xefatura territorial da Consellería competente en materia de educación o plano de accións, se o houber, encamiñadas á obtención dos recursos complementarios aos que se refire o punto 2 deste artigo.

TÍTULO V. Xunta de representantes do alumnado

Artigo 45º. Composición e competencias

1. Nos conservatorios profesionais de música e de danza existirá unha xunta de representantes integrada polos delegados e delegadas do alumnado oficial matriculado no grao profesional, e polos representantes do alumnado no consello escolar.

2. A dita xunta estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compoñentes.

3. É competencia da presidencia da xunta:

- a) Convocar, presidir e coordinar as reunións que se precisen e responsabilizarse de que se levante a acta correspondente.
- b) Facer chegar as propostas da xunta aos distintos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do conservatorio.

Artigo 46º. Reunións e comisións

1. A xunta poderá reunirse en pleno ou, cando a natureza dos problemas o faga máis conveniente, en comisións que reúnan ao alumnado delegado dos cursos que se impartan no conservatorio, logo do coñecemento da dirección e sen que isto implique alteración no normal desenvolvemento das actividades docentes.

2. A xefatura de estudos facilitará á dita xunta un espazo axeitado para



que poida celebrar as súas reunións.

Artigo 47º. Eleccións.

1. Naquelas materias das ensinanzas profesionais onde a rateo do alumnado non sexa 1/1, cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, unha persoa delegada de grupo, que formará parte da xunta de representantes do alumnado. Elixirase tamén unha persoa subdelegada, que substituirá á delegada en caso de ausencia ou enfermidade e apoiaraa nas súas funcións.

2. As eleccións de representantes do alumnado, así como a do delegado ou delegada que presidirá a xunta, serán convocadas pola xefatura de estudos, e organizadas por ela en colaboración co profesorado e os representantes do alumnado no consello escolar.

3. A designación de alumnado delegado e subdelegado e delegado-presidente poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ao docente que corresponda, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase a convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días e de acordo co establecido no apartado anterior.

4. A xunta de representantes do alumnado terá as seguintes funcións:

- a) Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do conservatorio por iniciativa propia ou por petición daquel.
- b) Informar aos representantes do alumnado no consello escolar dos aspectos do seu interese.
- c) Recibir información dos representantes do alumnado no consello



escolar sobre os temas tratados nel, e das organizacións estudiantís legalmente constituídas.

- d) Elaborar informes para o consello escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- e) Elaborar propostas de modificación das normas de organización e funcionamento da escola dentro do ámbito da súa competencia.
- f) Informar ao alumnado do conservatorio das actividades da xunta de representantes do alumnado .
- g) Formular propostas á xefatura de estudos para a elaboración dos horarios.
- h) Formular propostas á vicedirección para organización as actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- i) Debater os asuntos que vaia tratar o consello escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución aos seus representantes nel.

5. Cando o solicite, a xunta de representantes do alumnado, en pleno ou en comisión, deberá ser oída polos órganos de goberno do centro nos asuntos que, pola súa índole, requiran a súa audiencia e, especialmente, no que se refire a:

- a) Celebración de probas.
- b) Establecemento e desenvolvemento no conservatorio de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- c) Presentación de alegacións e reclamacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do equipo docente.
- d) Alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia na valoración do rendemento académico do alumnado.



Artigo 47º. Alumnado delegado de grupo

1. Funcións:

- a) Asistir ás reunións da xunta de representantes do alumnado e participar nas súas deliberacións.
- b) Expoñer ás autoridades académicas as suxestións e reclamacións do grupo ao que representan.
- c) Fomentar a convivencia entre o alumnado do seu grupo.
- d) Colaborar co profesorado e co equipo directivo do conservatorio para o bo funcionamento deste.
- e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do conservatorio.

2. Os representantes do alumnado non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros dos alumnos e alumnas, nos termos da normativa vixente.

TÍTULO V. Calidade e excelencia

Artigo 48º. Procesos de avaliación da calidade

1. Os conservatorios de música e de danza deberán participar en procesos de avaliación interna e externa co obxectivo de estimular a mellora da súa calidade ata niveis de excelencia, ou ben de mostrar os niveis de excelencia alcanzados nun ou máis ámbitos da súa actuación.
2. A avaliación estenderase a todos os ámbitos de actuación, especialmente os relativos aos procesos de aprendizaxe e resultados do alumnado, á actividade do profesorado, á función directiva e ao funcionamento e organización dos conservatorios.



Artigo 49º. Avaliación interna.

Os conservatorios de música e de danza deberán realizar procesos de avaliación interna como procedemento para obter a información necesaria para establecer, se é o caso, medidas de mellora da calidade nos ámbitos que cumpra.

2. A Consellería competente en materia de Educación apoiará a avaliación interna dos conservatorios mediante a elaboración de protocolos e aplicacións informáticas que faciliten este labor.

Artigo 50º. Avaliación externa.

Correspóndelle á Consellería competente en materia de Educación realizar a avaliación externa dos conservatorios de música e de danza.

Esta avaliación realizarase para obter e analizar información sobre a adecuación do proxecto educativo, e do funcionamento, organización e xestión do conservatorio, e de acordo coas valoracións resultantes, tomar as decisións de política educativa que conveñan, encamiñadas á mellora da ensinanza da música e de danza.

2. Para a realización da avaliación externa utilizarase o soporte de estándares relevantes de calidade axustados ás características dos conservatorios de música e de danza.

3. A inspección educativa, no ámbito das súas competencias, apoiará e supervisará os procesos de avaliación dos conservatorios.

Disposición adicional primeira. Redes de formación musical e de danza.



1. As redes de formación musical e de danza de Galicia estarán formadas por todos os centros específicos de formación musical e de danza de titularidade pública dunha determinada área xeográfica: conservatorios profesionais de música e de danza, conservatorios elementais de música e de danza e escolas de música e de danza.
2. A delimitación das áreas xeográficas a que se refire o apartado anterior realizarase por Orde da Consellería competente en materia de Educación atendendo a datos de poboación escolarizada nos centros específicos de formación musical e posibles conexións e características comúns dos conservatorios e escolas que permitan o desenvolvemento de proxectos de mellora das ensinanzas de música e de danza en Galicia.
3. Os conservatorios e escolas pertencentes a unha mesma rede de formación musical e de danza establecerán cantos instrumentos e procedementos sexan necesarios con obxecto de acadar un mellor aproveitamento dos seus recursos e un enriquecemento das experiencias que se leven a cabo na zona que abarca a rede. A tal fin, os Conservatorios e Escolas pertencentes a unha mesma rede de formación musical e de danza poderán coordinarse para realizar proxectos conxuntos.
4. En ningún caso as redes de formación musical e de danza que se cren poderán ser consideradas como zonas para os efectos de escolarización.

Disposición adicional segunda. Correspondencia con outras ensinanzas.

De acordo co establecido no artigo 47 da Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, a Consellería competente en materia de Educación determinará os centros que ofrezan ensinanzas integradas de música ou



de danza coa educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato, e establecerá as medidas de ordenación académica que sexan necesarias para o seu desenvolvemento.

Disposición adicional terceira. Seccións

Cando as necesidades de planificación educativa así o aconsellen, a Consellería competente en materia de educación poderá crear seccións de grao elemental adscritas a conservatorios profesionais de música e de danza de titularidade da Xunta de Galicia, nas condicións que se determinen.

Disposición final primeira.

Facultase ao Conselleiro competente en materia de Educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do que se establece no presente Decreto.

Disposición final segunda. Entrada en vigor.

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ___ de _____ de 2010

ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO

Presidente da Xunta de Galicia

JESÚS LÓPEZ ABAD

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria